



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2020

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

> TALLER DE PÚBLICO(S)

Dende Programación Expandida TRCDanza organizamos, como vén sendo habitual, un taller de público(s) da man da investigadora e xestora cultural Sabela Mendoza e da artista e coordinadora do programa Caterina Varela.

O obxectivo é compartir e conversar sobre as distintas derivas que emerxen no campo da danza e da creación contemporánea, acompañando a programación anual do ciclo TRC Danza 2020. Un convite a todas as persoas interesadas no campo da danza e da creación contemporánea, curiosas de ampliar a súa mirada dende unha posición de espectadoras activas.

Continuamos dando pasos adiante cara á consolidación dun público cada vez máis comprometido co que acontece no teatro da nosa cidade. Un teatro que se recoñece como propio.

> SERMOS PÚBLICO(S)

Se asistir ao teatro é unha experiencia transformadora, sen dúbida o noso rol como público(s) vai moito máis aló do rato que pasamos nunha butaca. Se ademais falamos de sermos público(s) hoxe das artes do movemento, o que se produce é sempre un desprazamento das pezas, que nos pode levar cara a moitos lugares, ou mover o chan do lugar no que estamos.

Este taller está pensado para afondar nas posibilidades e resonancias que esta experiencia –a de sermos públicos das artes do movemento– pode provocar, tanto en cada un ou cada unha de nós individualmente, como no conxunto das persoas que participamos, como público(s), do acontecemento singular e único que é sempre unha obra escénica.

Para isto, abriremos portas a todo aquilo que nos leva a ser público(s) despertados e activos, compartindo materiais e recursos sobre as linguaxes contemporáneas do movemento, sobre os procesos e obras dos creadores que están a darlles forma, sobre a experiencia do efémero, e sobre o que acontece despois de asistirmos á escena. Traballando a mirada dende o corpo sensible. A programación do ciclo TRC Danza 2020 servirános como fío para a reflexión e o debate. As dinámicas do taller serán diversas, mesturando a teoría e a práctica, e procurando abordar a experiencia de sermos público(s) dende distintas prácticas que alimenten o debate –dende o visionado de vídeos e imaxes, pasando por lecturas comentadas e referencias, ata pequenos exercicios de escrita.

> UN TALLER DA MAN DE SABELA MENDOZA E CATERINA VARELA

A combinación de Sabela Mendoza e Caterina Varela como conductoras das sesións do taller de público(s) responde a mestura entre teoría e práctica que ofrecen xuntas nas sesións.

A primeira, investigadora e xestora cultural centrada nas artes escénicas e a creación contemporánea, especialmente no estudo da danza e a análise de políticas culturais, e a segunda, bailarina e artista en activo así como coordinadora de proxectos para o impulso das artes vivas no noso territorio, conforman o equipo que virá abordar as dinámicas deste taller de público(s) no que analizar as distintas liñas de acción dos artistas do corpo hoxe en día.

> UNHA PRIMEIRA PARTE NO FESTIVAL DE PRIMAVERA E UNHA SEGUNDA NA TEMPADA DE OUTONO

Acompañando o festival de primavera TRC Danza 2020 é que situamos a primeira parte do taller de público(s), valéndonos dos distintos artistas convidados ao programa. Artistas e obras que serven como puntos guía do mapa no que debuxar a ruta a camiñar durante o transcurso do taller. A presenza no noso teatro de creadoras e creadores como Ánxela Blanco, Cristina Balboa e Javier Martín na última semana de xuño son un motivo marabilloso para tecer e destecer o que as súas obras provocan no outro.

Na tempada de outono colleremos como referencias as distintas creacións e artistas que poderemos ver entre setembro e decembro: Daza Mobile, Cris Vilariño e Alberto Cortés, La Fármaco, Bárbara Sánchez, Leonor Leal, Lava, La Imperfecta e Kukai Dantza.

> CANDO E ONDE

Festival primavera:

- > mércores **17 de xuño de 19 a 21 horas**
- > sábado **20 de xuño de 11 a 13 horas**
- > martes **23 de xuño de 17 a 18.30 horas** (*sesión aberta online*)
- > sábado **27 de xuño de 11 a 13 horas**

Tempada outono:

- > mércores **30 de setembro de 19 a 21 horas**
- > mércores **14 de outubro de 19 a 21 horas**
- > mércores **11 de novembro de 19 a 21 horas**
- > mércores **18 de novembro de 19 a 21 horas**
- > mércores **9 de decembro de 19 a 21 horas**

- > Na **Sala Xan Eirís do Teatro Rosalía de Castro**
- > Rúa Riego de Agua, 37, 15003, A Coruña

> CONVOCATORIA ABERTA

- > Taller de Público(s) é unha actividade gratuíta.
- > O número máximo de prazas está limitado.
- > A inscrición farase por orde de chegada das solicitudes.

> Todas as persoas interesadas poden inscribirse a través do seguinte formulario:

<https://forms.gle/w1QCWkeSbPcPzFGi8>

- > Aínda que non é obrigatorio, agradecemos o compromiso de asistencia a todas as sesións, para favorecer a dinámica e continuidade do grupo.

> SABELA MENDOZA E CATERINA VARELA

Sabela Mendoza, xestora cultural, centra o seu traballo nas artes escénicas e na creación contemporánea, especialmente no estudo da danza e na análise de políticas culturais. Licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Máster en Xestión Cultural pola Universidad Carlos III e Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual pola Universidad de Castilla-La Mancha e o Museo Reina Sofía. Formada en danza clásica e contemporánea. En 2008 comezou a traballar como coordinadora de proxectos culturais, tanto en institucións públicas e privadas como de forma independente. Foi asistente de publicacións e logo coordinadora xeral do Centenario da Residencia de Estudiantes (2008-2010), responsable de proxectos culturais da empresa iconi (2011-2015) en Matadero Madrid e directora do Festival Internacional Ilustratour (2013-2015). Neses anos colaborou con distintas institucións como coordinadora de exposicións e itinerancias (AECID, Instituto Cervantes, AC/E, Instituto de la Mujer, Casa Encendida, Matadero Madrid, Museo ABC, Museo Patio Herreriano, entre outras). En 2016 e 2017 colaborou con Hablar en Arte como consultora-asesora de artes escénicas. En xuño de 2016 estreou "El público está aquí", un estudo performativo e de escritura sobre o espectador e a mirada. Entre 2017 e 2018 coordinou "Charco", un novo programa de residencias de arte contemporánea, como parte do equipo da empresa Consultarte na Coruña. Realiza a curadoría da Temporada 2018-2019 do Teatro Pradillo de Madrid con Anto Rodríguez e Silvia Zayas. En 2018 traballa como xerente da Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, e en 2019 entra no equipo de Curtocircuíto como coordinadora xeral do festival.

Caterina Varela está formada en danza, artes gráficas e visuais. Codirixe, xunto a Alexis Fernández, a compañía de danza La Macana, coa que levan creando proxectos escénicos que gozan dunha importante proxección e recoñecemento internacional dende hai máis de dez anos. O seu traballo foi premiado en distintas ocasións dentro dunha traxectoria na que manteñen vínculos profesionais con diferentes artistas, teatros e redes nacionais e internacionais. É coordinadora do proxecto de Programación Expandida TRCDanza dende o ano 2014, unha iniciativa pioneira de mediación cultural e creación de públicos vinculada ao programa anual de danza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Forma parte do Colectivo RPM, composto por artistas cunha ampla traxectoria na creación contemporánea de Galicia. O traballo deste colectivo pon o foco no desenvolvemento de proxectos para a mellora do contexto das artes vivas no territorio galego. Unha das principais liñas de traballo é o programa Residencias Paraíso, un programa de residencias artísticas para as artes do movemento en Galicia que se constrúe en diálogo con numerosos teatros da nosa contorna e que cumpre en 2020 a súa cuarta edición. Dende 2019 tamén coordina a través do Colectivo RPM a Aula de Danza da Universidade da Coruña. Combina o seu facer artístico co activismo cultural, formando parte activa de

